



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA CON DATA DE 14.09.2016, RELATIVA Ó CONTRATO DE SERVIZO DENOMINADO “REDACCIÓN DE PROXECTOS DE SANEAMENTO”

Con data de 14.09.2016, cando son as 9.00 horas, réunese no Salón de sesión do Concello de Cotobade, a mesa de contratación correspondente ao contrato de servizo denominado “REDACCIÓN DE PROXECTOS DE SANEAMENTO”, coa composición establecida no prego de cláusulas administrativas que rexen o contrato e na resolución de inicio do expediente, estando presentes como Presidente da mesma: D. Jorge Cubela López, alcalde do Concello de Cotobade, como vogais: D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor, Secretario do Concello, D^a Sonia David Cortegoso (Interventora do Concello), D. Jose Luís Barros Sousa, Técnico municipal, e D^a. Jeanett López Fernández funcionaria do Concello que actúa na súa calidade de Secretaria da Mesa de Contratación, segundo convocatoria cursada en data 22.07.2016.

Deuse conta dos escritos das empresas Ingeniería Insitu S.L. e Proyestegal S.L. nos que se deu conta da súa relación de empresas vinculadas a efectos de ter en conta consonte ao disposto no artigo 86 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro:

Proyestegal S.L. (Estudios Rafer S.L.)
Ingeniería Insitu S.L. (Ningunha)

Procedese, a continuación a analizar se algunha das ofertas se atopa en situación de temeridade dándose conta do informe do técnico municipal de 26.08.2016 que conclúe que as ofertas presentadas por Proyestegal S.L. (Lotes 1 (-14,14 %), 2 (-16,27 %), 3 (-15,29 %) e Cuartazona Ingeniería S.L. (Lotes 2 (-12,10 %), 3 (-11,10 %)) son ofertas económicas desproporcionadas ou temerarias de conformidade co disposto no artigo 152 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro que aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público e de acordo cos criterios obxectivos que se establecen nos artigos 85 e 86 do Regulamento xeral da lei de contratos 1098/2001 de 12 de outubro e tendo en conta as ofertas económicas presentadas polos licitadores que se detallan:

EMPRESA	LOTE1	LOTE 2	LOTE 3
AMBITEC	3480,01	5525	2250,01
PROYESTEGAL	2438,15	3962,75	1524,60
INSITU	2999,59	4873,88	1874,29
IPRENOR	3396,01	5518,50	2122,50
TESWATER	3000	5000	2000
CERES	3200	5200	2000
NOVOTEC		5200	
CUARTAZONA	2560	4160	1600



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Visto o disposto no artigo 15 do prego de clausulas administrativas particulares que se remite ao artigo 152 do Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro de acordo cos criterios obxectivos que se establecen nos artigos 85 e 86 do Regulamento xeral da lei de contratos esta Mesa de Contratación,

RESOLVE:

1. Outorgar audiencia ás empresas Proyestegal S.L. e Cuartazona Ingeniería S.L. para que xustifiquen a avaliación das súas ofertas e precisen as condicións das mesmas, en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar en que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado outorgando ao efecto **prazo de dez días** a contar desde o seguinte á recepción da notificación da presente Resolución.

2. Solicitar o asesoramento do técnico municipal no curso deste procedemento.

Non sendo outro o obxecto da Mesa, se levanta a sesión cando son as 9:20 horas.

Cotobade 14 de setembro de 2016

A secretaria da mesa

Jeanett López Fernández